

# A PROPÓSITO DA PRETENDIDA CONSIDERACIÓN DO ABORTO COMO DEREITO FUNDAMENTAL

Este 8 de abril celebrabamos a solemnidade da Anunciación do Señor e, como todos os anos, a Xornada pola Vida. Coincide que, tras a inclusión o pasado 4 de marzo do dereito ao aborto na Constitución polo Parlamento francés, debátese estes días de novo no Parlamento europeo a proposta de incluír o dereito ao aborto na **Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea**.

É cuestión que nos afecta a todos, á conciencia dos fieis cristiáns e á de todos os membros da nosa sociedade

A ensinanza da Igrexa sobre o aborto é ben coñecida e pode ser consultada, por exemplo, no Catecismo da Igrexa católica, na encíclica **Evangelium vitae** do Papa S. Xoán Paulo II ou no recente documento **Dignitas infinita** do Dicasterio para a Doutrina da Fe. O aborto non é un ben, senón un mal, que priva da vida a un ser humano indefenso –a millóns xa–, con graves consecuencias para a conciencia e a vida das nais, das familias e de toda a sociedade.

Agora ben, ante os debates actuais sobre os límites da despenalización do aborto –por exemplo nos Estados Unidos, a pretensión de introducir un novo presunto “dereito” nos nosos marcos legais ten consecuencias importantes para dimensións constitutivas da nosa sociedade, da nosa convivencia presente e futura. De todo iso quixera agora só lembrar un aspecto, que me parece actual.

Se declaramos un dereito das nais e, por tanto, un ben fundamental poder levar a cabo “a eliminación deliberada e directa, como queira que se realice, dun ser humano na fase inicial da súa existencia, que vai da concepción ao nacemento”[1], non estamos a dar vixencia social a unha consideración das persoas e os seus dereitos como un medio utilizable por quen ten interese e un poder suficiente? “O aborto non pode ser nunca un dereito fundamental”[2].

En efecto, se proclamamos que o ser humano pode ser tratado como “un medio para resolver outras dificultades”, non quedarán “fundamentos sólidos e permanentes para defender os dereitos humanos, que sempre estarían sometidos a conveniencias circunstanciais dos poderosos do momento”[3].

A conversión do aborto nun dereito modifica e, en realidade, contradí o significado dos dereitos fundamentais –límites insuperables ante a vontade do máis forte–, e potencia na sociedade a tendencia para separar o marco legal vixente da referencia á xustiza, a entendela como mera expresión do poder político, afectando á posición das persoas na súa relación co Estado.

[1] S. XOÁN PAULO II, *Evangelium vitae*, 1995, 58

[2] COMECE on EP Vote on including abortion in the EU Chart of Fundamental Rights, 09/04/2024

[3] DICASTERIO PARA A DOCTRINA DA FE, *Dignitas infinita*, 2024, 47

Nun momento en que vemos as inmensas ameazas á dignidade humana presentes no noso mundo e na nosa sociedade concreta[4], ante o risco de acomodarnos e asumir como normal o matar por centos de miles en guerras e outras formas de violencia, é imprescindible loitar por salvagardar a xustiza e a verdade –os dereitos de todos e dos máis indefensos– como fundamento da nosa convivencia e como referencia imprescindible do marco legal que a regula.

Incluír o aborto entre os dereitos fundamentais sancionaría desde o Estado como ben indiscutible, impediría o debate na sociedade impoñendo unha perspectiva moral particular[5], e danaría a liberdade de conciencia de moitas maneiras, coartando de feito a vida democrática. Pero ademais conduciría ás nosas sociedades a afastarse da xustiza e da vida, a revestir cun manto de presunta legalidade a forza e o poder que pode chegar mesmo a dar morte se lle convén.

Resoan con renovada actualidade as palabras de Sta. Teresa de Calcuta: “a ameaza máis grande que sofre a paz hoxe en día é o aborto, porque o aborto é facer a guerra ao neno ... O país que acepta o aborto non está ensinando ao seu pobo a amar senón a aplicar a violencia para conseguir o que se quere”[6].

A nosa responsabilidade como cristiáns e como cidadáns é defender o dereito á vida de todo ser humano –e por tanto rexeitar o recoñecemento do aborto como un ben–, polas canles da participación política e cos diversos recursos que ofrece a nosa sociedade, nos medios de comunicación, na educación e a investigación científica, na axuda mutua e a atención nas necesidades; defendendo a nosa propia humanidade, interpelada polos rostros de quen sofre e, especialmente, dos que son pequenos e indefensos.

Temos que responsabilizarnos da nosa propia conciencia, da nosa liberdade e da nosa sociedade. Para iso, como cristiáns, confiamos sempre na luz do Evanxeo, da verdade que nos ensina a Igrexa, nas riquezas sempre novas que pode xerar a caridade, e sobre todo no noso Señor, a quen habemos de rogar constantemente con confianza. Que a Santísima Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa, nos acompañe e nos ampare na tarefa da vida.

**+Alfonso,  
Bispo de Lugo**

[4] Como nos recorda, por exemplo, Dignitas infinita, 33–62

[5] Cf.: “The European Union cannot impose on others, inside and outside its borders, ideological positions on the human person, sexuality and gender, marriage and family, etc.” (COMECE on EP Vote, 2024)

[6] STA. TERESA DE CALCUTA, Discurso no Almorzo Nacional de Oración, Washington 03/02/1993